

PROXECTO

“CONVERSAS CON TANA” (UN ESPECTÁCULO SALVAXE)




"Conversas con Tana" é un espectáculo teatral baseado na ventriloquía, con esencia educativa, espírito festivo, moi divertido e altamente participativo.

UN POU.CO DE HISTORIA

Co paso do tempo e fronte a tanta tecnoloxía, poderíamos dicir que a práctica da ventriloquía, caeu case en desuso. España deunos ventrílocuos maravillosos como Francisco Sanz, Wenceslao Moreno "señor wences", Herta Frankel, José Luis Moreno, Manuel González Rey "Chévalo", Mary Carmen ou Marisol.

Ell@s e os seus muñec@s non só nos regalaron momentos inesquecibles, senón que, en moitas ocasións, tivemos ganas de emulalos. O mundo enteiro ha visto ventrílocuos e bonecos de diversos tipos e personalidades. Demasiadas cousas poden dicirse acerca da ventriloquia, pero este non é o espazo para estenderse máis sobre o tema. Só engadir que: ventriloquia, é unha palabra que deriva do latín ventrilocus, que significa "o que fala co ventre" e é a arte de modificar a voz para imitar outras voces ou outros sons.



OBXECTIVOS

É a nosa intención recuperar, fomentar (e se cabe), ensinar a máxica arte da ventriloquía (*temos un formato de taller expres, a través do cal ensinamos os principios básicos da ventriloquia a partir da creación dun monicreque sinxelo fabricado cun calcetín*), educando, divertindo e concienciando acerca de valores humanos tales como: o coidado medio ambiental, a igualdade de xénero, o fomento da lectura, o respecto polos nosos semellantes, a solidariedade e unha correcta alimentación entre outros temas que consideramos de interese. Tamén tratamos aspectos históricos como a homenaxe que realizamos aos **“Tolos anos 20”** unha centuria despois.

O ano **Xacobeo** en Galicia, non pasa desapercibido no noso índice temático. Por sobre todas ás cousas, buscamos crear unha cultura viva e sensitiva a través do contacto directo con @s nen@s e a súa contorna familiar. Tentamos desenvolver un espectáculo moi participativo, xerando xogos de preguntas e respostas acompañados de accións determinadas. Utilizamos cancións e maxia, coa intención de reafirmar e darlle maior visibilidade a determinados aspectos, sensacións e emocións que, desexamos comunicar. Se o tempo permíteo, temos planificados debates, charlas e talleres, acerca dos temas expostos.



EXPERIENCIAS

O que empezou como un show orientado cara a un público infantil (5 a 12 anos), acabou por converterse nun espectáculo para toda a familia e o público adulto. Traballamos en espazos abertos e puidemos observar como algúns pais que, viñan traer aos seus fill@s, para logo dedicarse a conversar cos seus amigos mentres se desenvolvía o show; acabaron por sorprenderse ante a nosa presenza e quedaron xunto a@s nen@s a gozar da nosa proposta. Tivemos a ocasión de participar no **“IV Encontro pola Inclusión”** celebrado o 29 outubro de 2019 no **Pavillón Deportivo Príncipe Felipe** da cidade de Pontevedra. Un evento dirixido a persoas con importantes necesidades de apoio a nivel motor, cognitivo, sensorial e de comunicación: síndrome de down, síndrome de Asperxer, autismo, parálise cerebral e trastornos neuro-motores diversos que, polas súas características e necesidades, precisan de atencións especializadas. O resultado foi que, tod@s acabaron felices, bailando e expresándose libremente ao compás das nosas cancións.



Tamén participamos das **“II Xornadas sen Alcol”** organizadas por **F. A. R. G. A.** Federación de Alcohólicos Recuperados de Galicia e levadas a cabo o día 9 de novembro de 2019 nun coñecido e luxoso hotel de Santiago de Compostela. Cabe destacar que se trataba dun público adulto

que desde hai anos ven loitando contra a enfermidade que produce o excesivo consumo de alcol.

Do mesmo xeito, participamos en dous eventos privados dirixidos ao público adulto, a quenés fixemos rir, cantar, bailar e gozar co noso show creado basicamente para un público infantil e ao que lle incorporamos moi poucas variacións, xa que tentamos que o adulto esperte e recupere o seu neno interior.



Nota: A nosa filosofía de traballo é non dicir tacos, nin frases mal sonantes, así como tampouco, tratar temas políticos, relixiosos ou futbolísticos que poidan xerar controversias.



DESCRIPCIÓN DO ESPECTÁCULO

SINOPSE:

Posibilidade de realizalo tanto en galego como en castelán.

“**Conversas con Tana**” é un espectáculo teatral, baseado na ventriloquía, de entre 45 / 50 minutos de duración (*pódese alongar a unha hora ou máis e tamén dispoñemos dun formato micro teatral: 17/20 minutos*). Un granxeiro e a súa cadela Tana, manteñen unha fluída e divertida conversación na que afloran diálogos delirantes como os que aparecen desde a presentación de ambos dous personaxes, ata desencadear en asuntos tales como:




O Quixote, o fomento da lectura e outros aspectos literarios que inclúen maxia. (*Dispoñemos dun espectáculo completo, con este formato. Especialmente dirixido ás bibliotecas xa que, formamos parte do **Catálogo “Ler Conta Moito”** da Rede de Bibliotecas de Galicia*).





A igualdade de xénero. (*Tamén dispoñemos dun espectáculo completo, con este formato. Especialmente dirixido ás bibliotecas xa que, formamos parte do **Catálogo “Ler Conta Moito”** da Rede de Bibliotecas de Galicia*).





O coidado e respecto medio ambiental.


 O pienso e a alimentación en xeral.

 O cepillado dos dentes, a hixiene e outras cuestións perrunas e humanas.

 Todos os formatos inclúen maxia, xogos de preguntas e respostas, participación directa do público presente e cancións, xa que, a música é parte esencial da nosa proposta (*hai cancións interpretadas a dúo*).

 Estamos a preparar un espectáculo acerca dos nenos, novos e adultos hiperactivos.

 Tamén tratamos aspectos puramente relacionados co mundo canino, como a alimentación, a hixiene, o celo, o corte da pelame, os períodos de vacinación, etcétera.

 Do mesmo xeito, e se contamos co tempo e a planificación suficientes, podemos preparar espectáculos a medida acerca dunha temática suxerida.

Todos os temas son tratados con respecto, humor e sensibilidade, conductas éstas que, permitíronnos agradar por igual a nen@s e adultos.



“Conversas con Tana” está dirixido a nen@s de todas ás idades (*preferentemente de 5 a 12 anos*), sendo ademais, un espectáculo moi recomendado para gozar en familia.

NECESIDADES TÉCNICAS

O que fai realmente atractivo este espectáculo, é que pode levarse a cabo en calquera espazo.

O resto ponno o grupo, xa que, no caso de precisarse, contamos cun pequeno equipo de son, que utilizamos en escena, así como todos os elementos necesarios. Obviamente se contamos cun espazo tipo auditorio que dispoña dun mínimo de luces e son, o traballo de todos, verase facilitado e mellorado.

É posible realizalo tanto en espazos interiores coma exteriores. ***(No caso de exteriores, sempre consultar, por se o equipo do propio artista, non fose suficiente).***



ORZAMENTO

O custo total do espectáculo é de 400 €+IVE (*Fóra da Provincia de Pontevedra, consultar en cada caso particular dependendo da distancia do desprazamento, dietas e aloxamento*).

Existe a posibilidade de solicitar a actuación de “**Conversas con Tana**”, a través do Plan Cultural da Deputación de Pontevedra

(**CULTUREA**), dentro do cal estamos na categoría de: **OUTROS GRUPOS** -



HUMORISTAS (Al Guanella / Alejandro Guanella), cunha retribución de 210,00 €. Desta maneira, o custo do espectáculo, reduciríase a 190 € + IVE.

En caso de realizar o espectáculo “por despacho de billetes” establecerase un importe mínimo a cubrir (*consultar*).

Na Rede de Bibliotecas de Galicia, dentro do plan “**Ler Conta Moito**” estamos como: Alejandro Gustavo Guanella Ureta, “**Conversas con Tana**” e “**Conversas con Tana**” (*achega dá igualdade*) cun custo de 500 € IVE INCLUÍDO.





CONTACTO

PARA VER VÍDEOS Y FOTOS DEL SHOW:

Facebook: [Facebook Al y Tana Show](#)

YouTube: [Canal de Youtube Al y Tana](#)

Instagram: [Instagram tana perrita](#)

Sitio web: www.alytana.es

DATOS DE CONTACTO:

Al Guanella: 667-713425

algu.artista@gmail.com

tanalaperritaquau@gmail.com

alejandroguanella@hotmail.com